



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 30 de xuño de 2021 adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudo de Detalle do quinteiro M-7 do Plan Parcial de ordenación do Sector SUPO 1-R “Carballido” - Perillo

“Expte. FG Nº 651:

Por Decreto da Alcaldía Nº 2020004673 aprobouse inicialmente o estudo de detalle do quinteiro M-7 do Plan Parcial de ordenación do sector SUP 1-R “Carballido”, Perillo (Documento R.E. Nº 2021014496 do 26.10.2020), promovido pola Comunidade de herdeiros de J.M. Rodríguez C.B., coas seguintes condicións:

“Debera axustarse a descrición das parcelas (medidas perimetrais) ás cotas que resultan di levantamento topográfico. Nos planos de posición da edificación deberán debuxarse a posición previstas de accesos a garaxes (vense no ficheiro dwg e non no plano impreso). Nos alzados desenvolvidos eliminarase o debuxo en proxección do volume de cuberta, tan só se grafiará o plano do alzado máximo

No punto 8 da Memoria, xustificación eliminarase a regulación que permite superar o volume máximo envolvente con elementos construídos (aínda que sexan casetos de ascensor).

Completarase un apartado específico de condicións estéticas que cando menos recolla a obriga de aplicar a Guía de Cores elaborada pola Xunta de Galicia.

Seguen a faltar arquivos auxiliares empregados na carpeta 02.FONTE_DATOS como son: 1071.jpg, 1072.jpg, 1074.jpg, 200515_plano topógrafo – 1.pdf, Cajetin-fijo.dwg, captura.jpg, Plano 2-25.pdf, Plano planeamento – 1.pdf, SUP_1_R.JPG e topografico_etr89.dwg. “

O expediente someteuse a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicou no Diario Oficial de Galicia Nº 234 do 19.11.2020 e na Voz de Galicia do 20 de novembro de 2020, sen que se presentase alegación algunha.

O promotor presentou sucesivamente varios documentos de corrección que foron informados negativamente polo arquitecto municipal. Finalmente presentouse documento R.E. Nº 2021008246 do 11.05.2021 que foi informado polo arquitecto municipal o 24.05.2021, dicindo:

“Con data 11 de novembro por Decreto nº 2020004673 apróbase inicialmente o ESTUDO DE DETALLE DA MANZANA M7 DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR SUP-1-R DE “CARBALLIDO”, PERILLO, documento nº2020014495 do 26.10.2020.

Transcorrido o período de información pública non se teñen presentado alegacións.

Tras varios requirimentos e presentación de correccións, preséntase con data 11.05.2021 e nº de rexistro 202108246 polo equipo redactor, novo documento en soporte papel e en soporte dixital conforme coas NNTTPUG, polo que pode procederse a súa aprobación e publicación”

OBJECTO DO ESTUDO DE DETALLE

O estudo de detalle ten por obxecto completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar volumes edificables e concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións na M7 incluída no ámbito do Plan parcial do SUP 1-R “Carballido”, Perillo, aprobado definitivamente o 29 de marzo de 2000.



CONCELLO DE
OLEIROS

Emitíronse informe técnico favorable o 24.05.2021 e informe xurídico o 03.06.2021 para a aprobación definitiva.

Por isto propónse ao Concello Pleno que adopte **ACORDO** co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente estudo de detalle do quinteiro M-7 do Plan Parcial de ordenación do sector SUP 1-R "Carballido", Perillo (Documento R.E. Nº 202108246 do 11.05.2021).

SEGUNDO.- Dilixenciar o (Documento R.E. Documento R.E. Nº 202108246 do 11.05.2021) e arquivar o documento R.E. Nº 2020014496 do 26.10.2020 aprobado inicialmente ao ser substituído polo que se aproba definitivamente.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia as páxinas 8 á 14 ambas as dúas incluídas, da memoria, o que constitúe o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Comunicar este acordo á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo).

QUINTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

SEXTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SÉTIMO.- Notificar aos titulares do terreo dentro do ámbito e ao equipo redactor.

OITAVO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición."

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.